MEMORIA FUNCIONAL
PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DO CES GALICIA

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Qn7EIYBCYW1 https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA FUNCIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DO CES GALICIA

O 12 de xullo de 1995 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia (BOE nº 190 do 10 de agosto de 1995), como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilita-la participación de tódolos galegos na vida política, económica, social e cultural.

Na lei citada sinálase que o Consello Económico e Social de Galicia queda adscrito á Consellería de Economía e Facenda (na actualidade Consellería de Facenda e Administración Pública) así como a estrutura e composición do citado órgano, que se fundamenta nos criterios que inspiran a actuación e a organización administrativa.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos e determinación das retribucións complementarias.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.

Neste senso, o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei e que a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal, co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

A vixente relación de postos de traballo do Consello Económico e Social de Galicia (CES Galicia), foi aprobada polo Pleno na súa sesión 1-18 do 30 de xullo de 2018. Ademais, no cadro de persoal do CES Galicia figuran 10 (10) postos (persoal propio da entidade).

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Qn7EIYBCYW1 https://sede.xunta.gal/cve

Tendo en conta o anterior, e tomando como referencia o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT do CES Galicia.

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN:
1. Creación de postos.

O CES Galicia, creado no ano 1995, conta con dous postos de Gabinete técnico de persoal laboral fixo grupo I que foron cubertos no ano 1998 e no ano 2000 por JFAP e MCLD respectivamente, permanecendo ambos ocupando os citados postos ata a actualidade.

O Gabinete técnico encárgase, dende a súa creación da elaboración, a petición do Consello ou do secretario xeral: de informes sobre materias socio-económicas e técnicas, sobre as reformas que se estimen necesarias na normativa vixente para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade; de estudios e tarefas análogas sobre as posibles repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoña no sistema económico e social de Galicia; de informes e estudos sobre a execución dos plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén se encargan da elaboración anual da memoria socioeconómica de Galicia, seguindo as indicacións da comisión sectorial correspondente, así como do asesoramento en materia económica aos diversos órganos do consello Económico e Social de Galicia

O 17 de febreiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de febreiro de 2023 pola que se regula o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 da Orde do 8 de febreiro de 2023, o 30 de xuño de 2023, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública remitiu á Dirección Xeral da Función Pública o informe proposta de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia que exercitou a opción de integración.

O 11 de decembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 27 de novembro de 2023 pola que se resolve o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consello Económico e Social de Galicia. Na citada Orde sinálase que a integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración xeral da Xunta de Galicia, debendo tomar posesión e proceder a extensión da correspondente dilixencia de integración.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Qn7EIYBCYW1 https://sede.xunta.gal/cve

O 26 de xullo do 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 243, do 26 de decembro), na que se acorda publicar a relación de persoas aspirantes que superaron, para cada categoría, o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral e do corpo facultativo superior de Administración especial, subgrupo A1, e propoñer o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as creacións propostas:

1.- Creación dos postos “ Xefatura de sección ” de nivel 25, co complemento específico xeral do dito nivel, así como con complemento de funcionarización, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo A1/A2 con titulación de grado, dentro da Área Funcional Económico-Orzamentaria, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Administración Xeral da Xunta de Galicia (AXG), e experiencia en materia socio-económica (MÉRITO), e dado que carece doutra estrutura administrativa dependen do secretario xeral do CES Galicia.

Estas prazas terán encomendadas tarefas de elaboración, a petición do Consello ou o secretario xeral: de informes sobre materias socio-económicas e técnicas, sobre as reformas que se estimen necesarias na normativa vixente para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade; de estudios e tarefas análogas sobre as posibles repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoña no sistema económico e social de Galicia; de informes e estudos sobre a execución dos plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén se encargarán da elaboración anual da memoria socioeconómica de Galicia, seguindo as indicacións da comisión sectorial correspondente, así como do asesoramento en materia económica aos diversos órganos do consello Económico e Social de Galicia.

Polo exposto, resulta necesario a creación dos citados postos.

En resumo, esta é a relación de prazas a crear (2), para dar resposta ás necesidades actuais Consello Económico e Social de Galicia:

Nº	CREACIÓN
1	Xefatura de sección
2	Xefatura de sección

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Qn7EIYBCYW1 https://sede.xunta.gal/cve

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital
O Secretario Xeral
Manuel Martínez Varela

Asinado por: MARTINEZ VARELA, MANUEL
Cargo: Secretario xeral do CES-Galicia
Data e hora: 22/10/2025 12:06:34

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Qn7EIYBCYW1 https://sede.xunta.gal/cve